

A Biblioteca Galáctica contra a IA Fantástica



Un espectáculo de
TANXARINA



Ataulfo, o rato que coida da Biblioteca Galáctica descubre que unha ameaza paira sobre os Personaxes dos libros infantís dos seus anaqueis...



Poderán o rato bibliotecario, Ramón Lamote e Sara enfrentarse ao malvado Profesor Smith e a súa intelixencia artificial fantástica? 🤖⚡

Unha comedia tola e trepidante chea de sorpresas, música e humor,

Creado para conmemorar o 75 Aniversario da Editorial Galaxia, esta adaptación teatral da novela de Carlos Labraña é un espectáculo que celebra a amizade, unha reflexión sobre o uso da tecnoloxía e unha defensa da lectura e os libros. 📖



FICHA ARTÍSTICA:



Elenco e manipulación : Miguel Borines e Andrés Giráldez

Texto: Carlos Labraña

Dirección: Tanxarina

Escenografía e Deseño: Pablo Giráldez "Pastor"

Asesoría Escénica : Eduardo Rodríguez "Tatán"

Vestuario : Cloti Vaello

Música : Ailén Kendelman

Iluminación e son : Paulo Medal



Producción : Editorial Galaxia e Tanxarina



FICHA TÉCNICA:

Técnica: Bonecos de manipulación directa

Duración: 50 min

Público: A Partir de 5 años

Espazo: Auditorio, Teatro

Aforo: 400 espectadores

Montaxe: 120 min

Desmontaxe: 60 min

Medidas Escenario: 5x5x3



Otras necesidades: 2 Personas Para carga e descarga.





Ficha didáctica disponible



Historia da Compañía

A compañía **TANXARINA TITERES** foi fundada no ano 1983. Por varios ex-alumnos de Harry Tozer, Profesor de construción e manipulación de marionetas de fíos do Institut del Teatre de Barcelona, e tamén outros profesionais galegos do teatro infantil e xuvenil. Dende entón converteuse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de titeres galego tanto dentro como fora de Galicia.

Dedicase prioritariamente á produción e distribución de espectáculos dirixidos a todo tipo de públicos: infantil, xuvenil e familiar; onde se combinan diversas técnicas de animación de monecos co traballo actoral dos propios manipuladores. Marionetas de fíos, titeres de luva, de varíñas, sombras chinas, bunrakus e outros gañan así en forza expresiva e comicidade. Esa relación escénica entre titeres e actores vén sendo unha das señas de identidade da compañía dende os seus primeiros espectáculos.

TANXARINA TITERES ten presentado os seus traballos nos máis importantes festivais de teatro de titeres: Segovia, Valencia, Barcelona, Madrid, Murcia, Bilbao, Alicante, Sevilla... Moitas son as cidades visitadas polos seus monecos que tamén pasaron por Portugal, Grecia, Austria, Bélxica, Francia, Italia, El Salvador, Costa Rica, Nicaragua, Venezuela, Cuba, Colombia, Arxentina, Brasil, México.....

No ano 2000 os actores-manipuladores da compañía comezan unha intensa actividade paralela dentro do teatro de actor, sendo frecuentemente convidados para participar tanto en montaxes teatrais (Teatro do Morcego, Producións Tetatrais do Sur, Centro Dramático Galego..) como en diversas producións audiovisuais: cine, series televisivas, curtametraxes, publicidade, dobraxe e outros.

A compañía desenvolve tamén unha constante actividade docente mantendo unha variada proposta de cursos de construción e manipulación de titeres, marionetas, máscaras e cabezudos para educadores, escolares e profesionais da animación socio-cultural.

Asimesmo, tamén dende o ano 2000, **TANXARINA TITERES** foi responsable da dirección artística e técnica do **FESTIVAL INTERNACIONAL DE TITERES DE REDONDELA**. Dende a doce edición é colaboradora habitual do festival, unha manifestación titiriteira de grande calidade e recoñecemento cultural que se celebra no mes de Maio.

